


# O espello e o dragón



Título:  
Autor:  
Ilustradora:  
Editorial:  
Colección:  
Nº páxinas:  
ISBN:  
Idade:

O espello e o dragón  
Xavier Queipo  
Maite Ramos  
Xerais  
Merlín  
64  
84-9782-276-5  
De 7 anos en diante

**XER AIS**



## o autor

### **Xavier Queipo**

Naceu en Santiago no inverno de 1957. Comezou a publicar en 1990. Con *Ártico e outros mares* obtivo o Premio da Crítica Española. Conta cunha ducia de libros entre os que poderíamos citar *O paso do Noroeste*, *Manual de Instruccións* ou *Papaventos*.

Este é o seu primeiro libro de literatura infantil.

## a ilustradora

### **Maite Ramos**

Naceu en Tarragona. Estudou Debuxo e Pintura na Escola Taller de Belas Artes de Tarragona. Tamén fixo a carreira de piano no Conservatorio do Liceo de Barcelona. Foi seleccionada na Bienal de Belgrado no ano 1988, finalista Espasa Calpe 1988 e premio Ciutat de Barcelona 1991.

Traballou para diversas publicacións: prensa, revistas e editoriais, tanto nacionais como internacionais.

# resumo argumental

Nun curruncho perdido do Himalaia había un país tan pequeno que só tiña unha montaña. Na montaña había unha cova. Na cova vivía un animal monstruoso a quen chamaban o malvado dragón Nemoth.

O dragón Nemoth tiña o pobo na miseria. Repañaba con todo o que atopaba diante, queimando casas e cabanas co lume que saía da súa boca e roubando todos os animais que achaba ao seu paso.

Farto desta situación, o rei Tenduc decidiu que antes de morrer tiña que acabar coa vida do dragón. Convoca aos seus fillos e promete que aquel dos tres que acabe con esa praga será o seu sucesor.


Cada un deles buscará unha solución a este problema, pero só un acertará. Cando o faga, ademais de librarse do dragón, descubrirá unha mina de zafiros que fará inmensamente rico a este pequeno país. Aínda así, o liberador non está disposto a recoller o premio que o rei prometera, pois considera que gobernar o país é unha carga que prefire deixar nas mans dos seus irmáns.

## o libro

Un texto magnífico no que se recollen as vellas maneiras da tradición para contar historias: as fórmulas acostumadas, a estrutura concisa, as repeticións necesarias... e se lle suman novos ingredientes que lle dan unha volta de torca ao relato.

Un relato para ler dunha tirada, en voz alta, deixando que as palabras nos envolvan e o ritmo nos vaia levando deica o final.

# temas e valores




## A tiranía dun monstro

que mantén sometidos aos habitantes dun país. A necesidade de liberarse desa escravitude.




## Os contos tradicionais

Contos para ser contados. Narracións cunha estrutura determinada.



## Guerreiros, científicos e artistas

Profesións para os príncipes daqueles tempos ou as xentes actuais de andar a pé.




## A diferenza

Ás veces é no diferente onde se atopa a solución, coma neste caso. O pai estaba preocupado pola actitude do máis pequeno dos seus fillos, que non desexa ir polo mundo buscar o remedio ao mal que afecta ao país nin tampouco o quere gobernar; non obstante, será el quen atope a forma de resolver ese problema.



## A competencia

entre os irmáns. Liluc non quere competir e isto fai que o conto se diferencie doutros semellantes.



## Enxeño

É esta habilidade coa que vencen ao dragón, pois nin a forza nin a ciencia (en forma de veneno) o poden facer. Resolveranos de maneira inesperada, enfrontando o monstro consigo mesmo.

# actividades

## Antes da lectura

---

- Observando as capas do libro, o título, a ilustración, o texto da contraportada... iremos adiantando o seu contido. Comentaremos todo aquilo que nos pase pola cabeza, lembraremos outros libros ou experiencias relacionadas co que vemos; falaremos doutras historias de dragóns ou de espellos...
- Inventaremos unha historia que leve o mesmo título. Logo, comprobaremos se ten algunha coincidencia co libro que imos ler.
- Buscamos na lapela información acerca do autor e da ilustradora.
- Na outra lapela poderemos ver cales son os últimos títulos da colección e comentar algún deles que teñamos lido.
- Lemos a dedicatoria, opinamos acerca da razón pola que «sobriños» vai entre aspas, e tamén se hai algún nome que nos sorprenda. Pensamos a quen lle dedicaríamos nós un libro.

## Ao longo da lectura

---

- Vaíamos poñéndolle título a cada un dos capítulos desta noveliña.
- Contestemos:
  - ¿Como se chaman os fillos do rei?
  - ¿Que van buscar?
  - ¿A onde se dirixe cada un deles?
  - ¿Como son os cabalos que os levan?
  - ¿Onde está situado o país desta historia?
  - ¿Que son mantras?
  - ¿E mandalas?
  - ¿Cando é o solsticio de inverno?
  - ¿E o primeiro equinoccio do ano?
  - ¿Cales son os costumes dos habitantes do reino de Llasa?
  - ¿Como se chama o seu xefe?
  - ¿Cales son os costumes do reino de Samarcanda?
  - ¿Como se chama o seu xefe?
  - ¿Que teñen en común os reinos de Llasa e Samarcanda?
  - ¿En que se garda o veneno?
  - ¿Por que se di que as cousas de artesanía requiren tempo para se levar a cabo?
  - ¿Que consegue matar ao dragón?
  - ¿Como son os zafiros, os diamantes e os rubís?
- Observemos as ilustracións. Tentemos explicalas. Vexamos que é o que nos gusta delas e que non. Busquemos aquela que prefiramos e argumentemos a elección.
- Seguramente coñecemos outras historias de país que teñen tres fillos. Tentemos lembralas e cada un de nós escribirá a súa ao tempo que a ilustra.

# actividades

- Liluc, Januc, Kiruluc, Tenduc, Maruc... Todos estes nomes teñen algo en común así que, despois de adiviñalo, podemos animarnos a seguir inventando novos nomes para os habitantes deste reino.
- O nome do dragón, Nemoth, pode darnos pistas para seguir a inventar nomes para diferentes personaxes:
  - o grifón \_\_\_\_\_
  - a mantícora \_\_\_\_\_
  - o mago \_\_\_\_\_
  - ... ..
- As ilustracións poden achegarnos informacións das que non fala o texto. Comentade todos aqueles datos que nos chegan a través dos debuxos.
- No Himalaia había un país, no país unha montaña, na montaña unha cova, na cova vivía un dragón... Podemos continuar por este camiño ou comezar por unha nova ruta: Na Terra había un continente, no continente unha cordilleira...
- Conforme lemos, iremos recollendo aquelas palabras que nos gusten ou que nos resulten difíciles, de cara a elaborar un vocabulario específico. Ao lado de cada unha delas escribiremos o seu significado.
- Elaboraremos unha lista cos personaxes deste relato e describiremoslos. Elixiremos aquel que nos pareza máis interesante e argumentarémolo. Observemos a diferenza entre a nai e o pai.
- Coma detectives, buscaremos frases que se repiten ao longo do texto.
- Hai países moi grandes, inmensos, e países moi pequerrechiños; este, por exemplo, parece ser dos máis pequenos do mundo. Pero seguro que nós somos quen de crear países máis pequenos aínda, que terán unha historia moi especial. ¡Mans á obra!
- Tamén podemos probar a inventar unha historia para o país máis grande do mundo: porque o é tanto, tanto que... (continuemos).
- «Pobo» é unha palabra especial. Xoguemos a buscar outras que se lle parezan:
  - pobo
  - lobo
  - tolo
  - ....
- O rei ten tres fillos: un guerreiro, un científico e un artista. Seguro que podemos facer un listado de guerreiros, científicos e artistas famosos. Realicemos unha posta en común para opinar acerca destas tres profesións, a que nos parece máis importante, a que preferimos...
- Busquemos algunha comparación no texto.
- Documentémonos sobre as terras de Llasa e Samarcanda.
- Realicemos un móbil con dragóns ou algunha outra imaxe que represente este relato.
- No texto aparecen outros animais fabulosos como o grifón e a mantícora. Busquemos datos acerca deles e debuxémoslos. Tentemos localizar algunha historia na que aparezan

# actividades

estes animais míticos. Para finalizar, podemos crear o nosa propia narración na que participe un destes seres.

- Realicemos un marcador de lectura axeitado a este texto.
- Liluc, o fillo máis novo do rei Tenduc, considera que ser rei é unha responsabilidade que non quere asumir. Comentemos as nosas opinións ao respecto:
  - ¿Estamos de acordo con el ou non?
  - ¿Aceptaríamos ser rei / raíña se estivésemos no seu peullo?
  - ¿Que pensarán os reis respecto a isto?
- O rei decide encargarlles aos dous fillos máis vellos o reino, pero gobernarano de maneira alternativa, sete anos cada un, comezando por aquel a quen lle toque a sorte. Este pode ser un xeito tan serio como outros de distribuír o poder. Preguntemos como se decide actualmente e opinemos.
- Cando o dragón se ve no espello asústase de si mesmo. ¿Por que será?
  - Porque o espello o fai aparecer moito máis monstruoso aínda do que é.
  - Porque nunca se vira.
  - Porque pensaba que non había ningún outro dragón neste reino.
  - ...

(Opinemos)

- Imaxinemos outras maneiras de vencer a un dragón.
- O espello pode ser realmente unha arma. ¿En que casos?
- ¿Que outras historias coñeces nas que haxa un espello moi importante?

## Despois da lectura

- Podemos esquecer o final que se nos conta e imaxinar outro que pode dar lugar a un conto diferente.
- Pensemos noutras historias nas que un ogro, un dragón, un bruxo, etc. ten atemorizado a un pobo. Comentémolas.
- Escribamos un conto protagonizado por un dragón bo.
- Pasemos o relato a cómic.
- Representemos este conto coma se fose unha obra de teatro. Podemos comezar lén-doa de tal maneira que un se faga cargo do texto do narrador e cada un de nós prestalle a voz a un dos personaxes. A continuación, se preparamos a lectura, podemos facer teatro lido colocando cartelas diante de cada un de nós. Remataremos facendo teatro representado; para isto tentaremos buscar algo de vestiario ou maquillaxe que nos axude na caracterización e aprenderémonos os nosos papeis de memoria.
- O máis pequeno dos fillos do rei atopa nos libros a solución ao problema; faino sen ter que saír do reino nin da casa. Pensemos en todo o que podemos atopar nos libros.
- Intercambiemos as nosas opinións respecto desta historia.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono de Bergondo  
1ª Travesía - Parcela B1  
15.165 Bergondo (A Coruña)  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

**XERAIS**

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2006  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2006  
Depósito legal: VG. 74-2006